

6. “MOITO MÁIS CA UN MERCADO”: A CONTRIBUCIÓN DE GALICIA E ESPAÑA Á UE COMO ACTOR GLOBAL



Por **Cristina Ares**, Profesora da Universidade de Santiago de Compostela.

Baixo presidencia española do Consello da Unión Europea (UE), no segundo semestre de 2023, o profesor Enrico Letta —primeiro ministro de Italia entre 2013 e 2014 e líder do Partido Democrático Italiano de 2021 a 2023— aceptou o encargo de elaborar un informe sobre o futuro do mercado interior, presentado na antesala das eleccións ao Parlamento Europeo de 2024, que levou por título “Moito máis ca un mercado”.

España —e, polo tanto, Galicia— contribuíron decisivamente a que a UE, desde o seu nacemento o 1 de novembro de 1993, coa entrada en vigor do Tratado de Maastricht, sexa de feito “moito máis ca un mercado” xa desde os primeiros anos de pertenza do noso país, cando a Unión adoptou a forma dun proxecto de integración política que prioriza a cohesión económica, social e territorial, entre outros obxectivos.

Para comprender a UE como actor global, cómpre evitar unha mirada puramente internacionalista e poñer o foco nun dos seus trazos definitorios, que a distingue doutras organizacións rexionais: a autonomía das institucións da Unión en moitos ámbitos —agás, en 2025, nos exteriores e de seguridade, entre poucos outros—.

Coa entrada en vigor do Tratado de adhesión, asinado o 12 de xuño de 1985, cúmprese o 1 de xaneiro de 2026 corenta anos da incorporación de España ás Comunidades Europeas. Cómpre lembrar que aquelas tres organizacións ás que se unía a nova democracia española mantiñan sen reformas a vella lóxica comunitaria, petrificada nos tratados constitutivos dos anos 1950: a CECA (1951) e a CEEA e CEE (1957).

Ata o segundo semestre de 1987, cada goberno nacional tiña dereito de veto no Consello nas decisións sobre as materias de competencia das Comunidades Europeas; ademais, no proceso legislativo, o Parlamento Europeo limitábase a emitir opinións sobre as propostas da Comisión, podendo únicamente atrasar a aprobación das normas polo Consello.

A primeira reforma dos tratados, ou das “regras do xogo comunitario”, cara a esa maior autonomía institucional, asinouose o 17 de febreiro de 1986 e entrou en vigor o 1 de xullo de 1987, con España e Portugal xa a bordo.

Aínda que o catálogo de asuntos públicos nos que podían actuar as institucións comunitarias medraba coa Acta Única Europea —incorporando temas como a innovación ou o medio ambiente—, o que atopamos os españois e portugueses naquela Comunidade dos sete membros fundadores era pouco máis ca un mercado.

Con todo, España desempeñou un papel crucial desde o seu ingreso no proceso de construción da unión política europea e na proxección global da UE.

Participou activamente nas negociacións do Tratado da Unión Europea, incorporado na reforma de Maastricht, que creou a propia Unión, así como nas sucesivas reformas dos tratados da UE e da Comunidade (hoxe Tratado de Funcionamento da UE).

Esta implicación de España na construción política de Europa continuou ata a reforma máis recente, o Tratado de Lisboa, en vigor desde o 1 de decembro de 2009. España non se limitou a sumarse a un edificio xa feito, senón que achegou ideas fundamentais para a evolución da Unión.

Tres das novidades destacables de Maastricht levan, entre outros, un marcado acento español: a creación da cidadanía europea, o recoñecemento do principio de subsidiariedade, e a fundación do Comité Europeo das Rexións.

A medida que avanzamos na senda cara a unha unión máis política e democrática, especialmente desde 2009, e como consecuencia da Gran Crise, primeiro, e despois da pandemia da COVID-19 e da invasión rusa de Ucraína, o principio de subsidiariedade foi gañando protagonismo:

na súa “cara A”, como preferencia polo nivel máis próximo ao cidadán (local antes ca rexional),

e na súa “cara B”, como obrigaición de supervisión e apoio por parte do nivel superior —nacional e europeo— cando as autoridades locais e rexionais non dispoñen de capacidade para acadar os obxectivos comúns.

Por unha parte, o Tratado de Lisboa, que modificou a relación entre eleccións europeas, Parlamento e Comisión, e institucionalizou o Consello Europeo; por outra, a sucesión de crises dos anos 2010 e 2020, reforzaron o papel da cidadanía na Unión e a rendición de contas democrática.

A chamada “subsidiariedade activa”, promovida, entre outros, polo Comité Europeo das Rexións, busca integrar mellor os actores territoriais na elaboración das decisións públicas europeas en todas as súas fases. Non obstante, este obxectivo resulta difícil de acadar nunha axenda política desbordada e con modelos de gobernanza moi variables segundo a materia.

Mesmo a negociación entre o Consello e o Parlamento Europeo, convertido en colexislador pleno desde decembro de 2009, constitúe un enorme desafío, que reforza indirectamente o poder crecente da Comisión Europea tanto na fase legislativa como no control da execución nos Estados membros.

A UE é “moito máis ca un mercado”, e cada día o é de forma máis completa. Esta evolución axuda a explicar a tendencia cara a unha maior participación das autoridades nacionais na fase de execución dos fondos europeos e doutros instrumentos de política, o que pode favorecer dinámicas centralizadoras nalgúns países. Tales tendencias poden dificultar o cumprimento dos obxectivos europeos, pola insuficiente adaptación das normas e investimentos ás necesidades dos distintos territorios.

Así mesmo, preocupa a escasa europeización e limitada contribución das asembleas lexislativas rexionais, especialmente en Estados como España, onde persisten certas debilidades no goberno compartido.

As dificultades prácticas en materia de subsidiariedade, reflectidas tamén no funcionamento do sistema de alerta temperá desde 2010, súmanse aos retos políticos e administrativos do fortalecemento das capacidades das administracións públicas, que desde 2020 gañan protagonismo na UE. Así o recolle tamén o Informe Letta e a Comunicación da Comisión Europea “Mellora do Espazo Administrativo Europeo (ComPAct)” [COM(2023) 667 final].

De cara ao futuro, Galicia e España seguirán sendo actores influentes no camiño —difícil pero claramente aberto— cara á unión política do continente e dos seus pobos, ao servizo dos valores universais que a sosteñen con solidez e tenacidade admirables.

Para saber máis

- » Ares, Cristina (2024). Las prioridades de la Comisión Europea como "Hilo De Ariadna" de la política de la Unión, Jean Monnet Chair in European Policies/UAB, <https://ddd.uab.cat/record/287949>
- » Ares, Cristina (2022). The Early Warning System (EWS): a faulty playground on which to trigger the 'solidarity card', Contribution to the Interparliamentary Committee Meeting on the 'EU's Subsidiarity mechanism' held in the European Parliament on 25th April, <https://investigacion.usc.gal/documentos/654c8b28759c78696e880412?lang=es>
- » Comisión Europea (2023). Comunicación de la Comisión Europea “Mejora del Espacio Administrativo Europeo (ComPAct)” [COM(2023) 667 final], <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52023DC0667>
- » Letta, Enrico (2024). Much more than a market – Speed, Security, Solidarity: Empowering the Single Market to deliver a sustainable future and prosperity for all EU Citizens, <https://www.consilium.europa.eu/media/ny3j24sm/much-more-than-a-market-report-by-enrico-letta.pdf>